

DECRETO DA ALCALDÍA 607/2009
Expte. RE-351/2009

Visto que mediante Decreto da Alcaldía 548/2009, de 23/10/2009 aprobouse o expediente de contratación e os pregos de cláusulas administrativas para a adxudicación das obras de **“DOTACIÓN DO ACABADO DE HERBA SINTÉTICA AO TERREO DE XOGO DO CAMPO DE CHAN DO VILAR-FIGUEIRIDO”**, por procedemento aberto, mediante tramitación urxente. Así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adxudicación do mesmo.

Visto que con data 27/11/2009 constituíuse a Mesa de contratación e esta, tendo en conta o informe do aparelador municipal de 20/11/2009 de valoración das ofertas presentadas polas empresas que concorreron ao procedemento, realizou proposta de adxudicación a favor da empresa **“XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.”**

Examinada a documentación do expediente, de acordo coa mesma, e de conformidade co establecido no artigo 135.3 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar as competencias delgadas na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO. Declarar válido o acto de licitación.

TERCEIRO. Adxudicar provisionalmente o contrato de obra de **“DOTACIÓN DO ACABADO DE HERBA SINTÉTICA AO TERREO DE XOGO DO CAMPO DE CHAN DO VILAR-FIGUEIRIDO”**, por importe de 245.734,94 €IVE incluído (IVE: 33.894,47 €), un prazo de execución de QUINCE DÍAS, e unhas melloras ao proxecto por importe de 44.310,84 €IVE incluído, á empresa **“XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.”** de acordo co prego de cláusulas administrativas e demais condicións establecidas na súa oferta.

CUARTO. Notificar e requirir a “Xestión Ambiental de Contratas s.l.”, adxudicatario provisional do contrato, para que constituía, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa a garantía definitiva do contrato que ascende a 10.592,0235 €

QUINTO. Acordar a devolución da garantía provisional ao resto dos licitadores presentados

SEXTO. Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil de Contratante do Concello de Vilaboa.

RECURSOS: Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, segundo o artigo 107.1 da Lei 30/1992 e 52.2a) da LBRL 7/1985, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que reciba esta notificación, ao abeiro dos artigos 116.1 e 117.1 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por Lei 4/1999. Este recurso entenderase desestimado se dende o día seguinte á súa presentación transcorre un mes sen que se resolva e notifique de forma expresa, segundo establecen os artigos 117.2 e 43.2 da Lei 30/1992.

Así mesmo, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a

aquel en que reciba esta notificación, de acordo cos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Se interpuxese recurso potestativo de reposición, sen que se resolva e notifique no prazo de un mes, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo cos artigos 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Advírtolle, que poderá utilizar calquera outro recurso que estime pertinente, así como exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

Vilaboa, 27 de novembro de 2009

O alcalde

José Luis Poceiro Martínez

